

Decreto..../2018, do de , polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, aprobados polo Decreto 142/2015, do 17 de setembro.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no seu capítulo III do título IV (artigos 42 e 43), autorizou a creación dunha Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos como axencia pública autonómica adscrita, a través do Servizo Galego de Saúde, á consellería competente en materia de sanidade, que ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas coa doazón e o abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, e o procesado e almacenaxe de células, tecidos e mostras biolóxicas humanas con fins diagnósticos, terapéuticos e de investigación.

O artigo 43 da citada Lei 14/2013, do 26 de decembro, estableceu que mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia procederíase á creación da axencia, así como á aprobación dos estatutos que detallasen as funcións específicas que desenvolverá.

Por outra banda, o artigo 54.3 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sinalaba, con carácter xeral, que logo da aprobación da lei que autorizase a creación dunha entidade instrumental, debía procederse á súa creación e á aprobación dos seus estatutos por decreto do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería de adscrición, a saber, a consellería competente en materia de sanidade, previo informe favorable das consellerías competentes en materia de administracións públicas e de facenda.

Mediante o Decreto 142/2015, do 17 de setembro, creouse a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, e aprobáronse os seus estatutos, dando cumprimento ás previsións legais antes indicadas.

Con esta modificación da estrutura directiva de Axencia pretendese adecuar o nivel de desempeño, coas responsabilidades e desafíos que a creación da Axencia implican, para dar cumprimento aos obxectivos resultantes das actividades asumidas tras a súa creación.

Así, da agrupación das distintas actividades que constituíren o fin xeral da Axencia para dar cumprimento á Lei antedita e máis á Lei 16/2010, de 17 de decembro, conséguese a coordinación e auméntase en eficiencia e eficacia das distintas actividades que, dende a súa creación, agrúpanse nela.

Estas actividades son as de garantir o abastecemento de sangue e os seus derivados ós provedores de servizos sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación; coordinar a doazón, os transplantes de órganos e o implante celular de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación e, por último, asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos.

Esta agrupación de actividades implicou una remodelación organizativa interna da organización que está en fase de desenvolvemento xa que logo a coordinación das diferentes actividades adscritas precisa de un reaxuste tanto físico como de funcións do persoal adscrito.

As ditas actividades complícanse aínda máis debido á súa necesidade de permanente estado de activación e de resposta ás necesidades dos distintos centros sanitarios de nosa Comunidade Autónoma. A Axencia responde ás tres grandes actividades anteditas de forma permanente, é dicir, 24 horas ao día durante os 365 días do ano, e faino desde múltiples ubicacións repartidas ao longo da xeografía de Galicia, locais cedidos polas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada de Galicia e máis 10 unidades móbiles que percorren toda a nosa xeografía todos os días do ano coa excepción dos festivos, sempre mantendo os altísimos estándares de calidade con complexos sistemas de mantemento das instalacións e produtos.

Por outra banda, a creación da Axencia, entre outros cambios organizativos asimilados, debe compaxinar o mantemento do sistema contable financeiro que xa tiña, co sistema contable orzamentario, tal como a normativa actual esixe, e coa utilización dos programas informáticos de control orzamentario da Xunta de Galicia. Todo isto mantendo, ademais, o dobre sistema de ingresos e gastos propios da entidade e con caixa propia.

O proxecto conta cos informes favorables das consellerías competentes en materia de administracións públicas e de facenda, de conformidade co previsto no artigo 54.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Na súa virtude, por proposta da persoa titular da Consellería de Sanidade, de acordo co/ oído o Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día

DISPOÑO

Artigo único. *Modificación dos estatutos da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, aprobados polo Decreto 142/2015, do 17 de setembro.*

Os estatutos da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, aprobados polo Decreto 142/2015, do 17 de setembro, quedan modificados como segue:

Un. Modifícase a alínea c) do parágrafo 2º do artigo 11 dos estatutos da Axencia de Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, aprobados polo Decreto 142/2015, do 17 de setembro, quedando redactada como segue:

“Artigo 11. A Presidencia.

(...)

2. Correspóndenlle á persoa titular da Presidencia as seguintes funcións: (...) c) Nomear e cesar ás persoas titulares da Dirección e da Dirección de Xestión e Servizos Xerais da axencia.”

Dous. Modifícase a alínea i) do artigo 13 dos estatutos da Axencia de Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, aprobados polo Decreto 142/2015, do 17 de setembro, quedando redactada como segue:

“Artigo 13. Funcións do Consello Reitor.

Son funcións do Consello Reitor as seguintes: (...) i) Propoñer o nomeamento e cese, no seu caso, das persoas titulares da Dirección da axencia e da Dirección de Xestión e Servizos Xerais da axencia.”

Tres. Engádese un artigo 15 bis aos estatutos da Axencia de Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, aprobados polo Decreto 142/2015, do 17 de setembro, coa seguinte redacción:

“Artigo 15 bis. Dirección de Xestión e Servizos Xerais da axencia.

1. Baixo a dependencia da Dirección da axencia haberá unha Dirección de Xestión e Servizos Xerais, á que lle corresponderá o exercicio das seguintes funcións:

a) Xestionar os servizos comúns da Axencia así como dos órganos e unidades administrativas que estean baixo a súa dependencia. No exercicio desta función velará pola organización, simplificación e racionalización da actividade administrativa, propoñendo as modificacións encamiñadas a mellorar e perfeccionar os servizos.

b) Dar soporte, baixo a dependencia da persoa titular da Dirección da axencia, aos programas e actuacións das diferentes áreas da Axencia.

c) Elaborar o anteproxecto de orzamento e levar a cabo a xestión e o seguimento da execución económica e orzamentaria, e asumir, entre outras, a tramitación, seguimento e control dos expedientes de contratación administrativa promovidos pola Axencia, así como a tramitación das autorizacións para expedientes plurianuais e/ou que superen os límites previstos na normativa de réxime económico e financeiro.

- d) *Coordinar, supervisar e realizar o seguimento en materia das fontes de financiamento, execución do gasto e evolución da execución orzamentaria.*
- e) *Xestionar o inventario, o patrimonio, e os medios materiais adscritos á Axencia.*
- f) *Coordinar a xestión e recadación de taxas, prezos públicos e outros ingresos, sen prexuízo das competencias da consellería competente en materia de facenda.*
- g) *Elaborar o borrador inicial do plan plurianual de xestión, do plan de acción anual, do informe xeral anual de actividade e das contas anuais.*
- h) *Realizar o estudo dos asuntos que teñan que elevarse ao Consello Reitor, ao Consello da Xunta de Galicia e á Comisión de Control.*
- i) *Prestar asistencia á Dirección na xestión dos recursos humanos da Axencia e do seu réxime interior.*
- j) *Realizar funcións técnicas e de apoio ao desenvolvemento normativo nas materias obxecto da actividade da Axencia.*
- k) *Realizar apoio xurídico nas materias de competencia da Axencia, tanto nas propostas normativas que elabore coma no estudo, tramitación e propostas de resolución de reclamacións, recursos e requirimentos e peticións formulados contra actos e resolucións ditados polos seus distintos órganos, cando non estean atribuídos a outros órganos dela.*
- l) *Responsabilizarse dos servizos de lexislación, documentación e publicación da Axencia.*
- m) *Prestar asistencia técnica e administrativa á persoa titular da Dirección da Axencia nos asuntos que esta considere conveniente.*
- n) *Prestar asistencia técnica e soporte tecnolóxico ás distintas áreas da Axencia.*
- o) *Garantir a accesibilidade á información do seu departamento segundo a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.*
- p) *Elaborar propostas de resolución sobre asuntos da competencia da persoa titular da Dirección da Axencia cuxa tramitación se lle encomende.*
- q) *En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados en razón da súa competencia pola Dirección da Axencia ou o Consello Reitor.*

2. *O posto proverase de conformidade co previsto no artigo 32 dos presentes estatutos.*

3. *Para o desenvolvemento das citadas funcións, contará cun xefe/a de servizo dos subgrupos A1 ou A2 dentro do seu organigrama e baixo a súa dependencia directa.”*

Catro. *Modifícase o artigo 32 dos estatutos da Axencia de Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, aprobados polo Decreto 142/2015, do 17 de setembro, quedando redactado como segue:*

“Artigo 32. Persoal directivo.

1. Será persoal directivo da Axencia o que desempeñe funcións directivas profesionais e ocupe postos definidos como tales na plantilla da mesma, en atención á especial

responsabilidade, competencia técnica e importancia das tarefas asignadas, de conformidade co previsto no artigo 79 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 121 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

2. Ademais da persoa titular da Dirección da Axencia, terá a consideración de persoal directivo a persoa que ocupe a dirección de xestión e servizos xerais da axencia. Estes postos serán provistos mediante convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia, correspondendo o seu nomeamento e cese á persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, de conformidade co previsto nos artigos 76.h) e 121.7 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, previa proposta do Consello Reitor.

3. A persoa titular da Dirección da Axencia deberá ter a condición de persoal estatutario fixo ou funcionario de carreira do Sistema público de Saúde de Galicia, e será declarada en situación de servizos especiais ao abeiro e nos termos do artigo 121 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, e do artigo 64.1 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. A súa designación atenderá a principios de mérito, capacidade, idoneidade e publicidade e, en todo caso, debe reunir requisitos de solvencia académica, profesional ou científica, nas materias competencia da Axencia.

4. O posto de titular da Dirección de Xestión e Servizos Xerais da axencia poderase prover por persoal estatutario fixo do subgrupo de clasificación profesional A1, funcionario de carreira do subgrupo A1.

Cando o/a aspirante seleccionado/a teña a condición de persoal estatutario fixo ou funcionario de carreira ao servizo de calquera administración pública, a vinculación formalizarase mediante nomeamento de carácter administrativo.

5. De conformidade co disposto no artigo 121.7 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, e nos artigos 22.1 e 6.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, se a función directiva a desenvolver implicara a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais da Comunidade Autónoma e doutras administracións públicas, o/a profesional deberá acreditar a condición de funcionario de carreira ou estatutario fixo.

6. A designación do persoal directivo atenderá a principios de mérito, capacidade, idoneidade, concorrencia e publicidade.

7. O persoal directivo estará suxeito a avaliación segundo criterios de eficacia e eficiencia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que se lle fixen.

8. Os postos de traballo do persoal directivo entenderanse como de especial dedicación e serán incompatibles con calquera outra actividade pública ou privada, agás as derivadas da

docencia universitaria nos termos do artigo 4 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.”

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.